

CIRCULAR 60-2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE 10 KM EN RUTA

Bertamiráns-Ames, 23 de Outubro do 2016

Art. 1) A Federación Galega de Atletismo a través da Delegación de Santiago organizarán o vindeiro 23 de Outubro de 2016, en Bertamiráns-Ames o Campionato de Galicia, absoluto e das categorías junior, promesa e veteranos, de 10 km en Ruta. Esta proba disputarase conxuntamente coa XVII Carreira Pedestre Popular Ames.

Art.2) No Campionato de Galicia poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

- Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galego.

Art.3) A saída da proba terá lugar ás 11h horas.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 18 de outubro do 2016.**

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

Art. 7) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta entre ás 10.30 e 10.45. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

Art. 8) A organización establecerá distintos controis polo circuito para controlar o paso dos participantes.

Art. 9) O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Tódalas



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art. 11) Todo o non disposto neste regulamento resolverase, por esta orden, pola normativa da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 7 de setembro de 2016